



INFORME SOBRE EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA

Expediente número PON/155/2013

Logo de ver o expediente de reposición da legalidade urbanística incoado de conformidade co disposto no artigo 214 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (en adiante, LOUG), emito o seguinte informe:

1.- Feitos probados.

a) O Concello de Barro executou obras de construción dunha ponte de formigón armado sobre o río Areal que une as dúas ribeiras no lugar de San Antoniño, parroquia de Perdecanaí, no termo municipal de Barro, segundo resulta da visita de inspección practicada pola subinspectora urbanística o 25/10/2013 e da visita de inspección practicada o 12/11/2007 e o informe do 15/12/2007.

A ponte de formigón ten unha superficie de plataforma de 560,70 m² (31,15 metros de lonxitude e 18,00 metros de ancho).

b) O Pleno do Concello de Barro aprobou o Plan Parcial SU-R-1, Finca da Capela Santo Antonio o 17/03/2004 (folio 149 inf.). A partir do vial V-3 executado ao abeiro do plan parcial de desenvolvemento do SU-R-1 e *fora do ámbito deste plan parcial*, o Concello de Barro executou unha ponte ao abeiro do proxecto denominado "Parque público río Areal" aprobado polo Pleno do Concello de Barro o 27/10/2003, redactado polos técnicos Alfredo Montero Vaz e Alfonso Enriquez Moure, que proxecta a construción dunha ponte, denominada ponte-2, de 18,00 metros de ancho por 16 metros de largo (288 m² de superficie).

c) As obras executadas da ponte nunha superficie de plataforma de 560,70 m² (31,15 metros de lonxitude e 18,00 metros de ancho) non se axustan ao proxecto autorizado Parque público río Areal": 18,00 metros de ancho por 16 metros de largo (288 m² de superficie), como resulta probado na montaxe efectuada co plano do proxecto "Parque público río Areal", inserido neste informe.



d) A parte da ponte que excede do ámbito do proxecto "Parque público río Areal" está sobre a parcela 2601 do polígono 10, con referencias catastrais 36002B516026010000OI e 36002B516026010001PO.

e) As obras están actualmente rematadas e carecen de licenza e de acordo municipal de aprobación do proxecto de obras. Segundo o informe do 15/12/2007 do subinspector urbanístico logo da visita de inspección practicada o 12/11/2007, as obras neste data non se atopaban rematadas.

f) Os terreos nos que se emprazan as obras non amparadas en título xurídico habilitante (non se proxectan no denominado "Parque público río Areal" están clasificados como solo rústico de protección de cauces, segundo o Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Barro, aprobado o 23/05/2003.

2.- Réxime xurídico aplicable.

O Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Barro foi aprobado definitivamente o 23 de maio de 2003. A disposición transitoria terceira da LOUG establece que no caso de que o planeamento fose aprobado definitivamente no prazo de seis meses dende a entrada en vigor desta lei e de acordo co disposto na Lei 1/1997, como é o caso, será de aplicación o establecido na disposición transitoria primeira desta lei.

De conformidade coa disposición transitoria primeira, apartado f, da LOUG, ao solo clasificado polo planeamento vixente como non urbanizable ou rústico, mesmo conforme ó previsto no artigo 32 desta lei na súa redacción anterior á modificación,



a través da Lei 2/2010, do 25 de marzo, aplicaráselle integramente o disposto na LOUG para o solo rústico.

No caso que nos ocupa, dado que os terreos sobre os que se levan a cabo as obras están protexidos polo propio planeamento pola súa proximidade ao río Areal, será de aplicación o réxime do solo rústico de protección das augas, consonte ao disposto no artigo 32.2, letra d, da LOUG.

3.- Usos e actividades en solo rústico.

A construción da ponte como tal non se pode illar da súa finalidade que é a apertura dun camiño en solo rústico, xa que a súa finalidade é comunicar unha zona con outra que aínda non ten vial (folio 206 inf).

De conformidade co establecido no artigo 35 da LOUG, non está permitida a apertura de novos camiños en solo rústico que non estean expresamente recollidos no planeamento urbanístico ou nos instrumentos de ordenación do territorio, agás os camiños rurais contidos nos proxectos aprobados pola administración competente en materia de agricultura, de motes ou de medio ambiente e aqueles que obtiveran a correspondente autorización autonómica de conformidade co disposto no artigo 41 desta lei.

Así mesmo, con carácter xeral quedan prohibidos os movementos de terra que alteren a topografía natural dos terreos rústicos, agás nos casos expresamente autorizados por esta lei.

O artigo 38.2 da LOUG permite no solo rústico de protección das augas os usos que poidan establecerse a través dos instrumentos previstos na lexislación de ordenación do territorio, sempre que non leven a transformación da súa natureza rústica e quede garantida a integridade dos valores obxecto de protección.

No caso que nos ocupa non estamos ante ningún dos instrumentos previstos na Lei 10/1995, de 23 de novembro, de ordenación del territorio de Galicia, que establece como instrumentos as Directrices de ordenación del territorio, Plans territoriais integrados, Programas coordinados de actuación, Plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal e Plans de ordenación do medio físico, nin foi aprobado n plan especial de dotacións regulado polo artigo 71 da LOUG.

Asemade o artigo 109.5 da LOUG dispón que a execución dos sistemas xerais esixirá a aprobación previa dun plan especial cando a súa delimitación e ordenación detallada non estivese contida no plan xeral.

As obras públicas municipais entenderanse autorizadas polo acordo de aprobación do proxecto logo da acreditación no expediente do cumprimento da lexislación urbanística e de protección do medio rural, así como do planeamento en vigor (artigo 198.5 da LOUG).



No suposto que nos ocupa non se cumpre a lexislación urbanística toda vez que nos atopamos ante un uso prohibido.

4.- Alegacións

O Concello de Barro alega que a finalización das obras tivo lugar o 27/06/2007 polo que en virtude do establecido no artigo 210.2 da LOUG transcorreu o prazo de caducidade de seis anos desde a finalización das obras para poder incoar expediente de reposición da legalidade urbanística. Achega como medio de proba a certificación de pago presentada pola empresa construtora.

Esta alegación non pode ser estimada logo de ver o informe do 15/12/2007 que reflicte que as obras denunciadas non se poden considerar completamente rematadas e a reportaxe fotográfica realizada polo Servizo de urbanismo e inspección territorial en visita practicada o 12/11/2007 ao emprazamento das obras, na que se pode ver claramente a ponte sen rematar (folios 122, 133 e 134 do expediente informativo); polo que non tiña transcorrido o prazo de seis anos cando se interrompeu o prazo prescriptivo co acordo de incoación do expediente.

Neste punto temos que lembrar que, como ten dito o TS e o T.S.X.G. é ao que alega a excepción de prescrición ao que corresponde acreditala, é dicir, a carga da proba do dies a quo nos supostos de obras ilegais recae sobre o administrado que voluntariamente colocouse nunha situación de clandestinidade na realización dunhas obras e que, polo tanto crea a dificultade para o coñecemento da data inicial (sentenza do Tribunal Supremo do 20/09/2012, recurso de casación 6279/2010 e sentenzas do T.S.X.G. 07/12/2011 e 03/11/2011); tamén ten interese indicar que de conformidade co propio artigo 210.1 LOUG, a data de total terminación das obras é, en principio, a que resulte da súa efectiva comprobación pola administración actuante, sen prexuízo da súa acreditación por calquera outro medio de proba válido en dereito.

5.- Competencia

A competencia para resolver o procedemento de reposición da legalidade correspóndelle a directora da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, de conformidade co disposto no artigo 3.f), en relación co artigo 18.b), dos estatutos da Axencia, aprobados por Decreto 213/2007, do 31 de outubro e no artigo 226.4.f) da LOUG.

CONCLUSIÓN:

As obras executadas en solo rústico consistentes na construción dunha ponte de formigón armado sobre o río Areal no lugar de San Antoniño, parroquia de Perdecanaí, no termo municipal de Barro, provincia de Pontevedra nas parcelas





con referencia catastral 36002B516026010000OI e 36002B516026010001PO non son legalizables por seren incompatibles co ordenamento urbanístico polo que, de conformidade co disposto no artigo 214, en relación cos artigos 209.3.a) e 216.3 da LOUG, procede ordenar a súa demolición a custa do Concello e impedir definitivamente os usos aos que desen lugar.

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2014

A inspectora urbanística

Ana García-Boente-Alonso

